

“CONCERTO PARA VIOLONCELLO EN RE MAIOR”

F. Gulda.

Real Filharmonía de Galicia


Maximino Zumalave. Director
Thomas Piel. Violoncello



GUÍA DIDÁCTICA POR OLAI A NOVO

DESEÑO E MAQUETACIÓN ANA VÁZQUEZ

ÍNDICE

- 
- 3 CONTEXTUALIZACIÓN.
Objetivos.
Contidos.
Competencias.
Metodoloxía.
Avaliación.
- 9 MATERIAIS PARA O PROFESOR.
Breve contexto histórico.
O compositor Friedrich Gulda.
O violoncello.
- 20 MATERIAIS PARA O ALUMNO.
Experiencias sonoras.
Musicogramas.
Actividades

INTRODUCCIÓN

Nas profundidades dunha obra musical existe un mundo fantástico e accesible a todos e cada un de nós. Aprehender a aproximarnos á experiencia estética de 'escoitar' afecta á nosa sensibilidade e á nosa intelixencia. Para poder mellorar neste senso debemos optimizar os procesos cognitivos musicais: a atención, a percepción e a memoria.

A percepción é unha función psíquica que nos permite, a través dos sentidos, recibir, seleccionar, organizar, integrar e interpretar a información procedente do exterior; coa finalidade de crear unha imaxe significativa do mundo. É necesario analizar o elemento percibido e intentar comparalo cos patróns xa existentes para construír así unha aprendizaxe significativa. Por esta razón, é necesario realizar unha avaliación inicial, procesual e final do proceso para ser conscientes dos esquemas cognitivos que se deben ampliar ou modificar.



Os concertos didácticos plantéxanse como unha alternativa vivencial, como prácticas culturais que precisan de entusiasmo e preparación que deben concibirse como parte da vida social e artística do noso entorno.

A finalidade desta guía é outorgar unha serie de ferramentas aos docentes e discentes para traballar na aula, antes e despois de asistir ao concerto.

CONTEXTUALIZACIÓN



Este concerto e a guía didáctica que o acompaña van dirixidos a alumnos de terceiro e cuarto de Educación Secundaria Obrigatoria e a alumnos de Bacharelato. A idade dos educandos oscila entre os catorce e os dezoito anos aproximadamente.

Este programa queda aberto a calquera tipo de adaptación curricular individualizada para axustarse ás características persoais de cada alumno/a dentro do grupo - clase. Mais esta tarefa trasládase a cada mestre/a, por coñeceren a fondo a realidade da aula na que se vai desenvolver a proposta.

OBXECTIVOS

- 🎵 Adquirir bos hábitos de escoita e respecto cara os demais durante a interpretación musical.
- 🎵 Captar a diversidade de recursos e matices a través de diferentes versións dunha mesma obra.
- 🎵 Contextualizar estilísticamente a obra.
- 🎵 Obter información de diversas fontes a través das TIC.
- 🎵 Coñecer a vida e o contexto do compositor.

CONTEXTUALIZACIÓN

- Desenvolver a análise crítica para valorar a calidade das diferentes interpretacións.
- Ampliar o léxico e a terminoloxía adquiridos en cursos anteriores, para expresar e describir de maneira precisa os procesos analíticos que se van desenvolver no traballo das obras.

CONTIDOS

- Adquisición de bos hábitos de escoita e respecto.
- Percepción e recoñecemento dos diversos elementos que interveñen na obra.
- Comparación de diversas versións da mesma obra para determinar a calidade da interpretación e doutros elementos que as diferencien.
- Contextualización da obra dentro da historia da música.
- Busca e selección de información en diversas fontes.
- Expresión e valoración precisas tanto oral como escrita das impresións producidas despois das audicións.
- Análise da vivencia da música gravada e/ou en vivo: sensacións, interacción, intérprete- público; diferencias na percepción.

CONTEXTUALIZACIÓN

COMPETENCIAS



O Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G) dentro da Lei Orgánica de Educación (2/2006 do 3 de maio) e do marco da proposta realizada pola Unión Europea, establece oito competencias básicas das cales incluiremos as seguintes nesta proposta:

- Competencia cultural e artística.
- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia social e cidadá.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Autonomía e iniciativa persoal.
- Competencia e interacción co mundo físico.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar parte do construtivismo. Onde as necesidades educativas e psicolóxicas de cada alumno son as que vertebran o ritmo da aula. As estratexias deben promover a interacción docente- discente dentro dun ambiente cooperativo onde se favoreza a participación e comunicación. Sería interesante que as mesmas, potenciasen a capacidade crítica ensinando os elementos e recursos que se empregan na construción dunha opinión, valoración ou creación- e, a sensibilidade artística e estética como valores positivos dentro da nosa sociedade.

AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación inicial onde se terá en conta as habilidades e coñecementos que foron adquirindo ao longo do curso a través dun primeiro cuestionario.

A avaliación procesual efectuarase mediante a observación sistemática do grupo - clase, valorando o grao de implicación, atención e motivación.

A avaliación final será unha valoración de todo o proceso: os obxectivos acadados, a interiorización de contidos, dificultades no proceso, actitude na aula e no concerto, actitude para cos compañeiros, nivel de participación nas actividades, realización das tarefas propostas, coherencia verbal e uso da nova terminoloxía nas exposicións orais.

BREVE CONTEXTO HISTÓRICO

Friedrich Gulda naceu nun período extremadamente convulsivo. Tralo desmembramento do Imperio Austrohúngaro - ao rematar a I Guerra Mundial (1914-1918)- naceu a I República de Austria.

A súa primeira Constitución foi creada en 1920 e emendada nove anos máis tarde.



En 1934 Austria convértese nunha federación coa toma do poder do partido Vaterländische Front (Fronte Patriótico) -fundado por un férreo admirador de Benito Mussolini- e a súa milicia paramilitar Heimwehr. O réxime autoritario austro-fascista durou ata 1938, cando o exército alemán invadiu Viena -no mes de marzo- e comezou a expulsión xudea.

Adolf Hitler foi nomeado chanceler do Reich alemán en 1933. Un ano máis tarde unificou a presidencia e a chancelería nun só posto que asumiu el mesmo. En 1935 fai públicas as terribles 'Leis de Nuremberg'.



A década de 1930 estivo asolagada polo derrubamento das democracias liberais que emerxeran en Europa despois da I Guerra Mundial. A caída da Bolsa de New York en 1929 provocou unha crise mundial que arruinou todos os avances democráticos do vello continente. Surxen así - arredor das décadas dos anos 20 e 30- o fascismo italiano, o nazismo alemán, o rexismo belga, a Garda de Ferro rumana ou o Partido da Cruz Frechada húngaro...


ALGÚNS ARTISTAS AUSTRIÁCOS

Pintura: Ferdinand Georg Waldmüller, Rudolf von Alt, Hans Makart, Gustav Klimt, Oskar Kokoschka, Egon Schiele, Carl Moll y Friedensreich Hundertwasser.

Fotografía: Inge Morath ou Ernst Haas.

Arquitectura: Johann Bernhard Fischer von Erlach, Otto Wagner, Adolf Loos y Hans Hollein.

Música: Lotte Schöne, Eduard Melkus, Eleonore Schwarz, Maria Von Trapp, Angelika Kirchschrager.



O COMPOSITOR: F. GULDA (1930-2000)

Friedrich Gulda foi un completísimo músico austríaco nacido en Viena o 16 de maio de 1930. Comezou os seus estudos pianísticos á temperán idade de sete anos no Wiener Volkskonservatorium baixo a dirección de Felix Pazofsky. En 1942 ingresa na Viena Music Academy para estudar piano e teoría musical cos mestres Bruno Seidlhofer e Joseph Marx.

Gulda é recoñecido mundialmente polas súas interpretacións de W.A. Mozart e L.V. Beethoven. En 1946 gaña o primeiro premio no Concurso Internacional de Xenebra, pois de duras controversias na deliberación do xurado. En 1950 debuta no Carnegie Hall de New York. É nesta década dos 50 cando comeza a interesarse polo jazz.



En 1956 actúa no 'Birdland' en New York -un clube de jazz nacido a finais dos anos corenta na zona de Broadway- e no New Port Jazz Festival.

No ano 1966 organizou e estableceu o International Musikforum, unha escola de músicos para estudar improvisación.





A comezos dos anos 80 fixo un dúo co pianista de jazz Chick Corea, que se atopaba naquel momento entre a ruptura do grupo de jazz-fusión Return to Forever e a formación da nova Elektric Band. Ámbolos dous realizaban longas improvisacións de jazz mesturadas con música clásica na súa comunicación musical.

Nos anos 90, Gulda organizaba festas 'rave' onde actuaba con DJs e Go-Gos. Estas prácticas tan pouco ortodoxas - dentro do mundo da música clásica- xunto coa negativa de seguir o protocolo no vestiario ou no anuncio por adiantado dos seus programas de concerto, fixéronlle gañar o alcume de 'pianista terrorista'.



Friedrich formaba parte da chamada Viennese Troika xunto a Paul Badura-Skoda e Jörg Demus. Tamén foi un grande mestre da pianista Martha Argerich e do director de orquestra Claudio Abbado.



Gulda sempre expresou o seu desexo de morrer o mesmo día que un dos seus grandes ídolos, W.A. Mozart, e así foi. Faleceu o 27 de xaneiro do ano 2000, á idade de sesenta e nove anos. Está enterrado no camposanto de Steinbach - próximo ao Lago de Attersee- en Austria.

INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

ARTIGOS

New York Times:

"Gulda has Debut as Jazz Pianist." 22 June 1956."

[http://select.nytimes.com/gst/abstract.html?
res=F70D13FC3F5B157B93C0AB178DD85F428585F9&](http://select.nytimes.com/gst/abstract.html?res=F70D13FC3F5B157B93C0AB178DD85F428585F9&)

New York Times:

"Allan Kozinn, "Friedrich Gulda, 69, Classical-Music Rebel,"
29 January 2000"

[http://www.nytimes.com/2000/01/29/arts/friedrich-gulda-
69-classical-music-rebel.html](http://www.nytimes.com/2000/01/29/arts/friedrich-gulda-69-classical-music-rebel.html)

New York Times:

"Gulda Reasserts his Claim to Fame."PERFORMANCES" página 12
25 September 1989".

[http://www.nytimes.com/1985/09/29/arts/gulda-reasserts-
his-claims-to-fame.html](http://www.nytimes.com/1985/09/29/arts/gulda-reasserts-his-claims-to-fame.html)

WEBS

"<http://www.gulda.at/>" <http://www.gulda.at/>

"<http://www.chickcorea.com/>" <http://www.chickcorea.com/>

"<http://www.marthaargerichpresents.com>" <http://www.marthaargerichpresents.com>

"<http://www.zawinulonline.org/>" <http://www.zawinulonline.org/>

"<http://www.claudioabbado.com/>" <http://www.claudioabbado.com/>

PERFORMANCES

Mozart Piano Concerto No.20 in D, K. 466. Romance II.
Munich Philharmonic Orchestra
Friedrich Gulda, piano e director.

["http://www.youtube.com/watch?v=p_33zTtiWPA"](http://www.youtube.com/watch?v=p_33zTtiWPA) http://www.youtube.com/watch?v=p_33zTtiWPA

Beethoven Piano Concerto No.5 Op. 73
Friedrich Gulda, piano.
Wiener Philharmoniker.
George Szell, director.

["http://www.youtube.com/watch?v=ojWQwdFwI3c"](http://www.youtube.com/watch?v=ojWQwdFwI3c) <http://www.youtube.com/watch?v=ojWQwdFwI3c>

So Blues! So groove! II
Friedrich Gulda, piano.
Joe Zawinul, piano.

["http://www.youtube.com/watch?v=6VpQIRLcJcs"](http://www.youtube.com/watch?v=6VpQIRLcJcs) <http://www.youtube.com/watch?v=6VpQIRLcJcs>

The Meeting (excerpt).
Friedrich Gulda, piano.
Chick Corea, piano.

["http://www.youtube.com/watch?v=OIGJCAkjlvg"](http://www.youtube.com/watch?v=OIGJCAkjlvg) <http://www.youtube.com/watch?v=OIGJCAkjlvg>

I Love Mozart, I Love Barbara (excerpt).
Friedrich Gulda, piano.
Barbara Dennerlein, organ, synthesizer.

["http://www.youtube.com/watch?v=PEPhXTVS0no"](http://www.youtube.com/watch?v=PEPhXTVS0no) <http://www.youtube.com/watch?v=PEPhXTVS0no>

Algunhas anécdotas

En 1988 cancelou a súa actuación no Festival de Salzburgo. Ía tocar co músico Joe Zawinful e a organización do festival foi opúxose por completo á inclusión de jazz no programa do concerto.

Cando a Wiener Musik Academy lle concedeu o 'Anel Beethoven' recoñecendo as súas grandes interpretacións aceptouno, mais despois dalgunhas reconsideracións devolveuno.

En 1999 para promocionar un concerto -no Konzerthaus de Viena- anunciou a súa propia morte nun comunicado de prensa para que o evento resultase finalmente unha festa de resurrección.

O VIOLONCELLO

O violoncello é un instrumento de corda fretada con arco pertencente á familia do violín. Inclúese dentro da clasificación dos cordófonos que producen o son pola vibración das cordas. É versátil e extremadamente expresivo cun son moi parecido ao da voz humana.

A súa orixe atópase na viola da braccio (viola de brazo) e non na viola da gamba (viola de perna) como se pensa. O violoncello aparece arredor de 1572 (Andrea Amati) pouco despois do violín e, o seu tamaño e rexistro atópanse entre a viola e o contrabaixo.



Códice Manesse (1305-1340), onde mostra unha viola dá braccio

No século XVII os luthiers Amati, Maggini e Saló foron modificando os orixinais violoncellos no seu tamaño e a súa forma ata que no S. XVIII o célebre Stradivarius estandarizou, a partires de 1710, o seu tamaño - moi próximo ao que hoxe coñecemos- nuns 76 cm.

Durante a primeira metade do século XVIII realizáronse varios experimentos como por exemplo o violoncello piccolo - utilizado por Bach nas Cantatas de Leipzig- ou o violoncello de cinco cordas -emprega do tamén polo mesmo compositor na Suite No.5-.

O violoncello tivo no Barroco un papel esencial como baixo continuo e estivo competindo coa viola da gamba ata a primeira metade do S. XVIII, á que foi substituíndo paulatinamente. As primeiras partituras para este instrumento datan aproximadamente de 1689 e pertencen aos compositores italianos Domenico Gabrielli e Giuseppe Maria Jacchini.


DESCRICIÓN DA FORMA

O violoncello posúe unha caixa de resonancia de ombros altos e van pronunciado na súa sección intermedia.

O torso é aboubado e a táboa harmónica ten sendos tornavoces en forma de efe, o mastro e diapasón sen trastes (coma tódolos instrumentos da familia do violín) e un caravilleiro con caravillas laterais rematado en voluta.



PARTES DO VIOLONCELLO



ALGÚNS ASPECTOS DE AFINACIÓN E CONSTRUCCIÓN

As cordas noméanse de acordo á súa afinación: a primeira corda (contando dende a máis aguda á máis grave) é la³, a segunda corda é re³, a terceira corda é sol² e a cuarta corda é do². Igual que a viola, pero nunha oitava máis grave.

As notas emítense presionando as cordas no mastro cos dedos da man esquerda mentres que co arco se produce a vibración desas cordas.

MATERIAIS PARA O PROFESOR

Os materiais cos que se elabora o violoncello son diversos. A caixa de resonancia está construída normalmente con madeira de piñeiro -para a tapa superior- e madeira de arce - entre outros tipos de árbore como o cedro ou o salgueiro- para o resto. O mastro e a cabeza tamén se traballan con estes tipos de madeira.



Notas que emiten as catro cordas do violoncello (cando se pulsan ao aire): a dereita, en clave de sol a nota máis aguda que pode executar a primeira corda do violoncello (unias), e a nota máis aguda que pode executar a primeira corda realizando un harmónico (un la)

As caravillas, o cordal e o diapasón son fabricados en madeira de ébano. A pica e as chaves do cordal son xeralmente de aceiro.

ALGÚNS RECURSOS TÉCNICOS E EXPRESIVOS

MAN ESQUERDA

Posicións
Armónicos
Vibrato
Glissando

MAN DEREITA

Col legno
Détaché
Dobles cordas
Sul ponticello
Spiccato
Pizzicato
Sul tasto

AUDICIÓNS DO REPERTORIO E DOS INTÉRPRETES

G. M. Jacchini. Cello Sonata en La menor.
<http://www.youtube.com/watch?v=Yf2pOrP25C4>

D. Gabrielli . Ricercare VI para violoncello solo.
<http://www.youtube.com/watch?v=gsxzQtAeMFM>

.S. Bach. Suite No.2 in G major. BWV 1007 (Preludio).
http://www.youtube.com/watch?v=LU_QR_FTt3E

Elgar. Cello Concerto I movement.
<http://www.youtube.com/watch?v=dxodsKlFg9s>

F. Schubert. Quinteto en La maior 'A Troita'.
<http://www.youtube.com/watch?v=9jRWFkI8Feg>

I. Tchaikovsky. Piano trio Op.50.
http://www.youtube.com/watch?v=XhPQ6GPa6Ns&list=FL9ItB_uR-1DUvyc84T4EyH0Q

G. Cassado. Requeibros.
<http://www.youtube.com/watch?v=brqYg1427W0>

Sollima. Cuarteto Quiroga.
http://www.youtube.com/watch?v=XhPQ6GPa6Ns&list=FL9ItB_uR-1DUvyc84T4EyH0

EXPERIENCIAS SONORAS

Os enlaces que se mostran a continuación servirán para realizar as actividades ofrecidas nesta guía.

National Danish Orquestra DR

Ivan Meylemans, director

Andreas Brantelid, cello



1. Overture.

<http://www.youtube.com/watch?v=XgvUfjKEvPU>

2. Idyll.

<http://www.youtube.com/watch?v=1zGEPVKYlo>

3. Cadenza.

http://www.youtube.com/watch?v=bfk42Nt8_kk

4. Menuet.

<http://www.youtube.com/watch?v=4ZwnrXcUeEg>

5. Finale alla Marcia.

<http://www.youtube.com/watch?v=IcreWFytHu0>

Cello Concerto F. Gulda. Gautier Capuçon.

1. Overture.

<http://www.youtube.com/watch?v=IcreWFytHu0>

2. Idyll.

<http://www.youtube.com/watch?v=IcreWFytHu0>

3. Cadenza.

<http://www.youtube.com/watch?v=IcreWFytHu0>

4. Menuet.

<http://www.youtube.com/watch?v=IcreWFytHu0>

5. Finale alla Marcia.

<http://www.youtube.com/watch?v=IcreWFytHu0>

Excerpts.

1. Heinrich Schiff and Friedrich Gulda.

- Cadenza e Minuet

<http://www.youtube.com/watch?v=IcreWFytHu0>

- Mestura de movementos.

<http://www.youtube.com/watch?v=TgpL74n7Ivs>

MUSICOGRAMAS

Completa os seguintes esquemas musicais a partir das audicións plantexadas en 'Experiencias Sonoras'.

I. Overture

A	-----	-----	B'	-----
- Instrumentos				
- Efectos				
- Carácter				

TONALIDADES:

COMPÁS:

CARACTERÍSTICAS TEMA A: inicio tético, anacrúsico ou acéfalo, puntos culminantes, dinámicas, etc.

CARACTERÍSTICAS TEMA B: inicio tético, anacrúsico ou acéfalo, puntos culminantes, dinámicas, etc.


MUSICOGRAMAS

II. IDYLLE

Tonalidades:

Compás:

Carácter:




1- Identifica a macroestructura (as secciones grandes):

2- Síndala os cambios de tempo e/ou compás:

3- Contrastes na instrumentación:

MUSICOGRAMAS

III. CADENZA



IV. MENUET

A	B (trío)	A
<p>chelo</p> <p>tutti</p> <p>chelo</p> <p>tutti</p>	<p>frauta</p> <p>chelo</p> <p>frauta</p> <p>chelo</p>	<p>tutti</p> <p>chelo</p> <p>tutti</p>

Tonalidades:


Caracter de A:

Caracter de B:

Diferenzas nos acompañamentos:

MUSICOGRAMAS

V. FINALE ALLA MARCIA



Tonalidades principais:

Carácter:

Atopas algunha melodía popular? A que país che recorda?

Identifica os ritornelli.

A que formas musicais que coñeces se asemella esta estrutura?

Analiza as diferenzas instrumentais de cada sección: vento metal, vento madeira, solos, percusión, etc.

🎵 Cuestionario Inicial:

1- Seguro non tes ningunha dificultade para discernir un violoncello doutros instrumentos de corda fretada, mais é importante saber definir as cousas con palabras. Escribe a continuación o que sería para ti un violoncello

2- Que obras coñeces nas que o violoncello sexa o instrumento solista? Cres que este instrumento é imprescindible nalgún tipo de música ou nalgún tipo de formación en concreto? Se é así, coméntaos.

3- É habitual escoitar o son do cello en gravación pero escoitáchelo algunha vez en directo?

Non.

Si. Comenta cando e onde foi, quen tocaba e o tipo de música que interpretaba

4- Coñeces a F. Gulda? Se é así, que facetas coñeces del?

5- En que período histórico contextualizarías a vida e obra de F. Gulda?

6- Que formacións instrumentais clásicas coñeces? Cres que continuaron evolucionando a longo da historia? Sabes como?

7- Que outras obras do mesmo período coñeces

🎵 Escoitamos

Realiza unha audición crítica da obra proposta para este concerto cos musicogramas como guía (versión a escoller).

🎵 Navegamos

Indaga na web a partires das audicións propostas e elixe dous grandes cellistas. Elabora unha ficha cos seguintes elementos: nome completo, datas, obras máis importantes gravadas, concertos e influencias.

🎵 Observamos

O Concerto para violoncello de Gulda foi publicado en 1980. É unha obra realmente ecléctica que combina diversos estilos en cada un dos seus cinco movementos.

- 1- Realiza unha ficha coa plantilla orquestral da obra.
- 2- Que outras obras para violoncello ten Friedrich Gulda?
- 3- Cres que a obra define a vida artística do autor? Por que?

🎵 Definimos

Realiza unha busca na web ou nalgún dicionario musical e define os seguintes conceptos coas túas palabras:

- Variolaxe.
- Armónico natural.
- Armónico artificial.
- Sul ponticello.
- Détaché.
- Cadenza.
- Glissando.
- Rondó.
- Minuet.
- Spiccato.
- Sul tasto.

🎵 Un pequeno relato

Selecciona un dos movementos da obra e elabora unha pequena composición literaria que reflecta o que o fragmento do concerto significa para ti.

🎵 Arte

Investiga na web que obras artísticas -arquitectura, pintura, escultura, cine, etc- se realizaron arredor dos anos 80 e escolle unha para cada movemento da obra. Xustifica a túa elección nun pequeno parágrafo e non esquezas incluír o nome da obra, o autor e o ano.

🎵 Garcilaso (1 e 2 de Bacharelato)

Realiza unha lectura da terceira Égloga de Garcilaso de la Vega e realiza un comentario de texto relacionando a mesma co cuarto movemento do concerto.

🎵 A muller e o violoncello

Ata comezos do século XX, moi poucas mulleres tocaban o violoncello debido a que a posición do instrumento considerábase pouco elegante e 'impropio de señoras... Cal é a túa opinión sobre este tipo de discurso? Como pensas que evolucionou a sociedade en torno a este clixé? Consideras que este tipo de ideoloxías permanecen hoxe no mundo da música? E noutros ámbitos profesionais? Como romperías ti con este tipo de esquemas de pensamento? Cita a grandes mulleres cellistas dentro da historia da música.

🎵 Do son gravado ao son en directo

Despois da escoita en directo e das audicións traballadas con anterioridade, realizaremos unha posta en común para debater as diferentes percepcións que tivemos sobre o son gravado e o son en directo: cales son as diferencias máis chamativas que observamos, como reaccionamos a cada tipo de audición, como actuamos como auditorio- espectadores, cal é o noso nivel de atención en cada unha delas... etc.

A miña crítica musical:

Elabora unha crítica musical do concerto didáctico atendendo aos diferentes aspectos organizados da seguinte maneira.

PRIMEIRO PARÁGRAFO

Que?	Tipo de evento, características...
Quen?	Autores, intérpretes, tipo de público...
Onde?	Lugar, espazo...
Cando?	Data
Como?	Concerto aislado, forma parte dun ciclo, festival...
Por que?	Finalidade do concerto.

SEGUNDO PARÁGRAFO

Moi breve curriculum do director, do solista e da orquestra.

TERCEIRO PARÁGRAFO

Interpretación, iluminación, vestuario, comprensión das explicacións, disfrute...

🎵 Cuestionario Final:

- 1- Gustouche o concerto? Por que?
- 2- Entendiches a estrutura da obra? Que percibiches na formación instrumental? É característica?
- 3- Escribe o que é para ti a definición de violoncello:
- 4- Nomea algún instrumento da familia da corda fretada e comenta as analogías co violoncello.
- 5- Que responsabilidades consideras que conleva o papel de solista?
- 6- Que plantilla ten a orquestra na obra?
- 7- Que outras obras de F. Gulda coñeces? Saberías enmarca-lo nun contexto-histórico? Se é así, cal?
- 8- Que foi o máis che gustou e o que menos? Por que?
- 9- Que cres que aportou esta experiencia á túa formación?
- 10- Gustaríache repetir? Por que?